

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta as seguintes **emendas de engádega á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**, relativa as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre, **nº 30783 (10/PNC-002478)**

Emenda núm. 1, de engádega.

Débase engadir no terceiro punto, despois de “establecidas nos pregos”, a seguinte expresión:

“procedendo a resolver os contratos en caso de incumprimento.”

Emenda núm. 2, de engádega.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“Dotar dos recursos necesarios o servizo de transporte sanitario terrestre, eliminando as ambulancias de apoio e incorporando novas ambulancias de soporte vital básico e medicalizadas segundo as necesidades.”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/07/2018 13:33:09

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 13:33:18

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa localización das actividades enmarcadas no programa Lidera e as que viñan desenvolvendo as casas da xuventude dependentes dela, así como a xestión e funcionamento da Casa da Xuventude de Ourense, **núm. 30188 (10/PNC 002429)**.

Emenda número 1. de engádega

No punto 3.3., engadir o seguinte texto:

“elaborando unha regulación específica, clara e aberta”.

Emenda número 2. de substitución

No punto 3.6, substituír:

“Casa de Benito Losada” por: "Casa da Xuventude Benito Losada".

Emenda número 3. de engádega

Engadir un punto máis co seguinte texto:



“Elaboración dunha regulación específica, clara e homoxénea para todas as Casas da Xuventude de Galicia e espazos e organismos análogos a través da implantación de mesas de diálogo participadas, co obxectivo dotar de contido á lexislación, asegurar a súa permanencia no tempo e de potenciar unha rede entre todas as Casas da Xuventude.”

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/07/2018 18:01:38

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 18:01:47